

ACTO APERTURA OFERTA ADMINISTRATIVA

Expediente: Arrendamento do espazo do local de Restaurante-Cafetería situado no MARCO

Procedemento: Aberto Ordinario

Obxecto: Apertura oferta documentación administrativa de criterios sometidos a xuízo de valor – servizo de cafetería

Órgano de contratación: Fundación MARCO

Data: 28/04/2026 as 13:00

Na data e hora indicadas, procédese á apertura da documentación correspondente á fase administrativa da oferta presentada no procedemento de referencia.

Faise constar que a celebración do acto fora previamente anunciada do único licitador recibida, non estando presentes representantes dos mesmos no momento da apertura.

Asisten:

- Director da Fundación MARCO
- Xerente da Fundación MARCO
- Contable da Fundación MARCO

Dase conta polo xerente da que a pesares da publicidade oficial (bopp e perfil) e da prensa da noticia da licitación soamente se presentou un oferente.

Iníciase a sesión procedendo á apertura do sobre presentado por Sensaciones Singulares S.L. “ Mama Elvira “ o 7 de abril. En primeiro lugar, identifícase e sepárase o sobre pechado correspondente á **oferta económica**, que queda debidamente custodiado sen apertura.

A continuación, procédese á apertura do resto da documentación, que consta de 39 páxinas, ademais de documentación gráfica e fotografías anexas.

Revisada a documentación administrativa presentada, compróbase que se achega a documentación administrativa requirida conforme ao prego incluído a póliza de responsabilidade civil presentada ascende a **1.500.000 euros**, cumprindo co mínimo esixido así como o resto da documentación administrativa considérase correcta.

Seguidamente, polos asistentes ao acto procédese a unha revisión xeral da proposta de explotación presentada, salientándose como aspectos destacables:

- As melloras relativas á subministración de augas (1.000).
- As propostas de mellora na equipación e acondicionamento do espazo.

Faise constar que estes elementos serán recollidos no correspondente borrador de informe técnico, que será elaborado pola Xerencia. Así mesmo, obsérvase a falta de concreción nalgúns aspectos da proposta.

Non habendo máis asuntos que tratar, procédese ao peche do acto ás **13:30 horas**, quedando pendente a elaboración dun borrador de informe para o seguinte luns.

Informe realizado polo Xerente, Martiño Nogueira con V^oB do borrador de Dirección Miguel Fernández-Cid e do testigo como Contable Alberto Abal